

NORMATIVA DE LA PRUEBA DE CONJUNTO

De conformidad con los criterios generales establecidos en la Orden de 21 de julio de 1995 del Ministerio de Educación y Ciencia, las pruebas de conjunto previas a la homologación de títulos extranjeros, en esta Escuela Técnica Superior de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos de la Universidad de A Coruña se realizarán atendiendo a las siguientes normas:

1.- SOLICITUD DE PRUEBA DE CONJUNTO

Los interesados solicitarán la realización de la Prueba de Conjunto mediante una instancia dirigida al director de la escuela dentro del plazo comprendido entre el día que comience el curso académico hasta el día 31 de diciembre de ese mismo año.

Junto con la solicitud presentarán un curriculum vitae completo, el original de la resolución de la Secretaría General Técnica del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte sobre la homologación del título del interesado y una fotocopia del DNI o del permiso de residencia.

A la vista de la documentación aportada, la Dirección de la Escuela notificará a los solicitantes su admisión en la prueba de conjunto y el plazo para pagar las tasas.

2.- TRIBUNAL CALIFICADOR DE LA PRUEBA DE CONJUNTO

El Tribunal Calificador de la Prueba de Conjunto será designado por la Comisión Permanente de la Junta de Escuela para cada curso académico, prorrogándose el mandato del mismo en el siguiente año académico hasta que se convoque la primera comisión permanente.

3.- DESARROLLO DE LA PRUEBA DE CONJUNTO

Una vez formalizada la matrícula, el presidente del tribunal calificador estudiará la documentación aportada por el alumno y le comunicará, provisionalmente, las materias que tiene que superar y lo requerirá a una entrevista personal. Tras la reunión, el tribunal le comunicará el tipo de prueba a realizar y, en su caso, las materias del Plan de Estudios que deberá superar definitivamente el estudiante.

Los programas de las asignaturas son los que figuran en la página web de la universidad <http://caminos.udc.es/info/asignaturas/pdf> o en la pág. web de la escuela <http://www.udc.es/caminos> Una versión más detallada de los programas está a disposición de los solicitantes en la Jefatura de Estudios de la Escuela.

El tribunal calificador será el responsable de los exámenes de las materias de la prueba de conjunto, que se realizarán en las mismas fechas que los exámenes finales de las convocatorias ordinaria (junio) y extraordinaria (septiembre).

Al final de la convocatoria, el tribunal publicará la relación nominal con las calificaciones obtenidas, especificando las asignaturas troncales superadas por los alumnos.

El número máximo de convocatorias en cada asignatura es seis (el “no presentado” no agota convocatoria).

Una vez superara la totalidad de las asignaturas troncales objeto de la prueba el tribunal calificador otorgará una calificación final.

La Universidad remitirá a la Secretaria General Técnica del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, al final de cada convocatoria, la relación de los alumnos que superaron la Prueba de Conjunto y la calificación obtenida por cada uno.

NORMATIVA DA PROBA DE CONXUNTO

De conformidade cos criterios xerais establecidos na Orde de 21 de xullo de 1995 do Ministerio de Educación e Ciencia, as probas de conxunto previas á homologación de títulos estranxeiros, nesta Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña realizaranse atendendo ás seguintes normas:

1.- SOLICITUDE DE PROBA DE CONXUNTO

Os interesados solicitarán a realización da Proba de Conxunto mediante unha solicitude dirixida ó director da escola dentro do prazo de tempo comprendido entre o día que comece o curso académico ata o día 31 de decembro dese mesmo ano.

Xunto coa solicitude presentarán un curriculum vitae completo, o orixinal da resolución da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte sobre a homologación do título do interesado e unha fotocopia do DNI ou do permiso de residencia.

Á vista da documentación aportada, a Dirección da Escola notificará ós solicitantes a súa admisión na proba de conxunto e o prazo para paga-las taxas.

2.- TRIBUNAL CUALIFICADOR DA PROBA DE CONXUNTO

O Tribunal Cualificador da Proba de Conxunto será designado pola Comisión Permanente da Xunta de Escola para cada curso académico, prorrogándose o mandato do mesmo no seguinte ano académico ata que se convoque a primeira comisión permanente.

3.- DESENVOLVEMENTO DA PROBA DE CONXUNTO

Unha vez formalizada a matrícula, o presidente do tribunal cualificador estudiará a documentación aportada polo alumno e lle comunicará, provisionalmente, as materias que ten que superar e o requerirá a unha entrevista persoal. Trala reunión, o tribunal comunicará o tipo de proba a realizar e, no seu caso, as materias do Plan de Estudos que deberá superar definitivamente o estudante.

Os programas das materias figuran na páxina web da universidade <http://caminos.udc.es/info/asignaturas/pdf> ou na páx. web da escola <http://www.udc.es/caminos>. Unha versión máis detallada dos programas está a disposición dos solicitantes na Xefatura de Estudos da Escola.

O tribunal cualificador será o responsable dos exames das materias da proba de conxunto, que se realizarán nas mesmas datas cos exames finais das convocatorias ordinaria (xuño) e extraordinaria (setembro).

O número máximo de convocatorias en cada materia é de seis (o “non presentado” non esgota convocatoria).

Ó remate da convocatoria, o tribunal publicará a relación nominal coas cualificacións obtidas, especificando as materias troncais superadas polos alumnos.

Unha vez superada a totalidade das materias troncais obxecto da proba, o tribunal cualificador outorgará unha cualificación final.

A Universidade remitirá á Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, ó remate de cada convocatoria, a relación dos alumnos que superaron a Proba de Conxunto e a cualificación obtida por cada un.

DILIXENCIA: para facer constar que a Comisión Permanente desta Escola, na súa sesión do 20 de decembro de 2002 acordou aproba-la **modificación** da normativa da Proba de Conxunto, aprobada con data 18 de decembro de 1997.

A Coruña, 23 de decembro de 2002

O PRESIDENTE DA COMISIÓN

Asdo.: Fernando Martínez Abella